

Informe da Directora

Xunta de Escola, 29 de maio de 2025

1 Reunións de traballo

- 7 de maio. Reunión da directora, Iago Pozo e Fran Deive con Romané Peñafiel, da Escuela Superior Politécnica de Chimborazo (Ecuador), quen realizou unha estancia no marco do proxecto Erasmus KA171, e que amosa interese en desenvolver proxectos de cooperación internacional coa EME.
- 7 de maio. Reunión de Iria Feijóo e Fran Deive con Rūta Mikucioniene, da Vilnius Gediminas Technical University (Lituania), pertencente ao consorcio ATHENA, para analizar a posibilidade de establecer un dobre Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- 20 maio. Reunión de Ana Rodríguez, como titora PIUNE na EME coa responsable do servizo de atención ao estudantado PIUNE no campus de Vigo.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades

2 Divulgación científica e captación de alumnado

2.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
07/05/2025	IES San Paio (Tui)	1º Bach	25	Raquel Pérez
07/08/2025	IES Val Miñor (Nigrán)	1º Bach	2	Raquel Pérez

2.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
29/04/2025	IES do Castro (Vigo)	2º Bach	30	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
30/04/2025	IES Xunqueira II (Pontevedra)	3º e 4º ESO	130	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
06/05/2025	CPR Plurilingüe Andaina (A Coruña)	4º primaria	50	Raquel Pérez	Minerais e o seu papel na fabricación de pinturas
15/05/2025	IES Maximino Romero de Lema (Baio)	1º Bach	30	Benito Vázquez	Luz e Cor

21/05/2025	Instituto Español Severo Ochoa (Tánger)- Virtual	4º ESO e 1º Bach	90	Benito Vázquez	Luz e Cor
------------	--	------------------	----	----------------	-----------

2.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
07/05/2025	IES Lama das Quendas (Chantada)	4º ESO e 1º Bach	26	Francisco García Javier López	Xeotecnoloxías Intelixencia Artificial
08/05/2025	Salem-Ahmed Baricala (República Árabe Saharauí) - Virtual	Secundaria	24	Benito Vázquez	Luz e Cor
12/05/2025	IES Otero Pedrayo (A Coruña)	3º ESO	68	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Amanda Franco e Juan José García	Materiais Combustión

2.4 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
06/05/2025	CPR Plurilingüe Andaina (A Coruña)	1º ESO	55	Raquel Pérez	No centro
12/05/2024	IES Otero Pedrayo (A Coruña)	3º ESO	68	Teresa Rivas, Laura Andrés e María Pazo	Na EEME

2.5 Outras actividades

Data	Centro	Número asistentes	Curso	PDI participante	Actividade	Lugar / Responsable
19/05/2025	Colexio Pablo VI (A Rúa)	75	1º e 4º ESO, 1º e 2º Bach	Raquel Pérez	Escape Room: Sostibilidade e Enerxía	No centro
19/05/2025	X Pint of Science Vigo		Público en xeral	Ignacio Pérez	Conferencia: "A arte de non caer: penedos fronte a enxeñaría"	Cafetería El Castro (Vigo)

2.6 "XEOLODÍA"

A directora informa sobre o desenvolvemento da actividade, na que participaron 120 persoas – público xeral- e foi realizada por PDI da EME e da Facultade de Ciencias do Mar. Por parte da EME participaron Bienvenido Díez (coordinador da actividade), Teresa Rivas, Laura Herguedas e Elena Alonso.

2.7 STEMBach

20 de maio. Defensa STEMBach 2021/2023. Proxecto de Alicia Roldán Cordeiro (CPR Miralba) titulado “A bioenxeñaría como ferramenta para a obtención de novos combustibles máis sostibles”, titorizado por María A. Longo, Ana Rodríguez e Francisco J. Deive

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

3 Sistema Garantía Calidade

- Infórmase da achega do **Cadro de Mando** do centro precuberto. O centro debe cubrir os resultados propios e establecer as metas asociadas aos resultados. A directora sinala que este é o punto de partida para a elaboración do IRPD do curso 2023/2024.
- Infórmase da situación actual en relación á participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións. Participacións moi baixas: estudantado (8%), profesorado (31%) e persoas egresadas (3%).

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e ás persoas que participaron en diferentes actividades do SGIC.

4 Plan Acción Titorial

4.1 Orientación académica e profesional

6 de maio. Infórmase da realización da visita á Central Hidroeléctrica de Belesar co estudantado de 2º dos graos da EME. Actividade organizada por Francisco Deive.

5 Próximas actividades

- Viaxe de estudos para estudantado da Escola: 9 a 12 de xuño
- Acto de Graduación: 13 de xuño
- Curso de formación para docentes “*Emprego da IA na docencia*”. Datás: 1, 2, 3 e 10 de xullo (sesións 1, 2, 3 e 4). As sesións 1 e 4 son para todos e as sesións 2 e 3 segundo interese do profesorado.